

## PEZA DO MES

outubro

2023

---



**EXPLORADORES NO LOÑA. CA. 1914  
GARCÍA DEL VILLAR**



EXPLORADORES NO RÍO LOÑA. FOTOGRAFÍA GARCÍA DEL VILLAR. FDE000158

## Exploradores no Loña

A fotografía, tomada ao redor de 1914, por García del Villar (un dos seus socios protectores), retrata un grupo de once exploradores, sobre unha ponte de fortuna, tendida sobre un río que atravesa un bosque de carballos e amieiros. O río parece ser o Loña, un dos lugares preferidos para realizar as excursións da Asociación.

A orixe dos Exploradores (ou *Boy Scouts*) remóntase á segunda guerra anglo-bóer (1899-1902). Esta prodúcese pola rivalidade entre a colonia inglesa do Cabo e o estado de Transvaal. En 1899, Paul Kruger, dirixente dos *afrikaners*, declarou a guerra a Rodhes. Todo iso no marco do descubrimento dos xacementos de ouro e diamantes. Os ingleses tomaron as repúblicas bóers de Trasvaal e o Estado libre de Orange, que, xunto co de Natal, se asociaron á Unión Sudafricana. Nun dos episodios bélicos, o coronel Roberto Stephenson Smyth Baden-Powel (logo, lord de Gilwell), defendendo a praza de Mafeking, asediada polos bóers, organizou os mozos da cidade nun corpo disciplinado para serviren de exploradores. A praza resistiu 217 días. Xa en 1898, escribira unha guía con directivas para os mozos nun «servizo de exploración en tempo de paz» (*Scouting for Boys*). En 1907, inspirado nos procedementos dos zulús e estudando o *Bushido* (Código de honor dos xaponeses) creou os Boy Scouts. Obtivo o apoio do rei Eduardo VII e incluso fundou unha revista semanal (*The Scouts*).

En 1910, a institución tiña 124.000 inscritos e Baden-Powel retirouse do exército para dirixir o movemento. En 1912 o Consello Privado inglés examinou a institución, co que obtivo o privilexio real e o recoñecemento oficial do Estado.

Na guerra de 1914-18, os Boy Scouts empregáronse para vivir as costas, as vías férreas e as liñas telegráfico-telefónicas.

En USA, W.D. Boyce, de Chicago, introduciu en 1910 a organización e en 1911 xa estaba establecida na Quinta Avenida de Nova York. O recoñecemento federal outorgoullo o Congreso en 1916.

Logo estendéronse por Siria e outros países árabes, Francia, Portugal (*adueiros* e *scoteiros*), Bélxica, Suecia, Dinamarca, Suíza, Italia, Arxentina, Australia etc... En 1922 eran uns tres millóns.

En España implantáronse en 1911 e a Asociación foi declarada de interese nacional por R.D. de 1920. Chamáronse «Exploradores» para evitar o anglicismo. A Asociación compúñase dun Consello Nacional, consellos locais, tropas de exploradores, delegados provinciais e corpo de aspirantes. As tropas eran: exploradores, instrutores efectivos, supernumerarios, especialistas e xefes de tropa. Agrupábanse en patrullas de oito membros e un guía. As categorías eran catro, segundo a idade, entre 10 e 21 anos. Todos prestaban promesa e seguían un código de 12 principios morais e éticos.



EXPLORADORES NO RÍO LOÑA. FOTOGRAFÍA GARCÍA DEL VILLAR. FDE00133

O rei Afonso XIII foi o seu patrono e presidente de honra. A presidencia efectiva foi do duque de San Pedro de Galatino. Na capital publicouse unha revista titulada *El Explorador*.

En 1935 a República emite un decreto no que se aproban os novos estatutos dos exploradores de España. Sería o final.

Na URSS, os *Komosol* (1918) substituíron a institución. O Partido Nazi alemán desenvolveu as Xuventudes Hitlerianas, así como Italia creou organizacións xuvenís mussolinianas en 1925. Es España o partido oficial creou o *Frente de Juventudes*, e logo a *Organización Juvenil Española* (OJE), substituíndo en gran parte o activismo dos *Scouts*.

En Ourense, o capitán de cabalaría Teodoro Iradier publica en *La Región* un artigo os días 3 e 4 de agosto de 1912 e desde ese momento, coa axuda e simpatía de moitos cidadáns, comeza a historia dos Exploradores de Ourense. Destacamos, nos primeiros momentos, o presbítero e profesor, alén de cronista oficial da cidade, don Emilio Vázquez Pardo, quen en 1913 forma o primeiro Comité Local. Presídeo Pedro Romero; o capelán é don Emilio; os profesores Pérez Coleman e Joaquín Núñez; Fernando Monge (militar, xefe de tropas, ata 1915) e logo Rafael Valcárcel, son os directivos. Foron socios protectores: Cuevillas, Malingre, Saco, García del Villar etc. O himno compondo Ricardo Courtier (director da Banda Municipal).

Para difundiren a Asociación e para conseguiren fondos para os uniformes, organizaron un torneo de fútbol durante as festas dos Remedios dese 1913.

Ao ano seguinte, preséntase oficialmente o grupo con 90 rapaces inscritos, entre os 10 e 18 anos, e realizan a súa promesa na Alameda, onde presidiron o acto o bispo, os gobernadores civil e militar e toda a Alcaldía.

O domicilio social situouse nun baixo da rúa, xa denominada daquela, Padre Feijoo, e inaugurouno a infanta Isabel («La Chata»).

As súas saídas de campo, festas, actividades deportivas e excursións ás proximidades de Ourense, vense recollidas, desde 1913, nas crónicas que aparecen en *La Región* asinadas por Tate (ou Tato, cronista explorador) e por Monge (xefe de tropas). Os lugares preferidos eran Cabeza de Vaca, Mende, A Loña e O Campo de Aragón.

En 1916 créase outro corpo en Ribadavia e en 1917 outro máis en Entrimo.

É clásica a crónica sobre un xantar-xira multitudinaria, con familiares incluídos, nos terreos bañados polo Loña, con desfiles previos pola cidade ao regreso, sesión de cine e cea en «La Barcelonesa» (1914).

Ata 1920 foi unha agrupación moi activa e logo foi decaendo ata 1930 e a guerra civil.

En Ourense, en 2018, existían dous epígonos de *Scouts*; o grupo *Axóuxere*, con sede na parroquia de San Pío X, e a *Agrupación ílex 695*, con domicilio en Pena Trevinca, 32, baixo.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: García del Villar

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

**musarqourense**  
museo arqueolóxico provincial de Ourense

